

## Xornada de estudio sobre ética ambiental

EGAP, Santiago de Compostela, 2 de decembro de 1996.

Bolseiro da  
EGAP

Enrique José Varela Álvarez

O día 2 de decembro realizouse en Santiago de Compostela unha «Xornada de estudio sobre ética ambiental», organizada pola Escola Galega de Administración Pública, que tivo como obxectivos proporcionar unha formación básica en relación coas distintas alternativas de política ambiental desde o punto de vista ético. A xornada dirixiuna D. Luis Carlos Fernández-Espinar, profesor titular de dereito administrativo da Universidade Politécnica de Madrid.

O programa incluíu unha serie de conferencias relevantes sobre a relación entre o medioambiente e as posturas éticas adoptadas ante el, como un novo posicionamento ante as distintas políticas medioambientais que se están levando á práctica. «O home ante a utilización dos recursos naturais e dereito de propiedade» foi o tema tratado por D. Luis Carlos Fernández-Espinar, profesor titular de dereito administrativo da Universidade Politécnica de Madrid; «A ética do medio natural e a conservación da natureza» correu a cargo de D. Carlos del Álamo Jiménez.

nez, director xeral de Conservación da Natureza do Ministerio de Medio Ambiente; a última conferencia da mañá pronunciouna D. Ramón Llamas Madurga, catedrático de hidroloxía da Universidade Complutense de Madrid, baixo o título «Actitudes éticas ante a utilización das augas»; os dous relatorios da tarde foron debatidos por D. José Antonio Rueda Crespo, subdirector xeral de Xestión e Calidade Medioambiental da Xunta de Galicia, que falou das «Actitudes éticas ante a problemática dos residuos en Galicia»; a última das alocucións presentouna D.<sup>4</sup> Ana Yabar Sterling, catedrática de economía política da Universidade Complutense de Madrid, baixo o título «Ética, fiscalidade e medio ambiente». A xornada concluíu cunha mesa de debate, os relatores da cal foron D. Tomás Fernández-Couto, director xeral de Montes e de Medioambiente Natural da Xunta de Galicia, D. Jordi Peix y Massip, director xeral do Medio Natural da Generalitat de Cataluña, D. Luis Carlos Fernández-Espinar, director da xornada, e D. Pedro Llorente, que disertaron sobre os aspectos da consecución *dunha ética ambiental persoal integrada na ética ambiental colectiva*<sup>1</sup>.

A apertura da xornada estivo a cargo de D. Domingo Bello Janeiro, director da Escola Galega de Administración Pública, que destacou a importancia do encontro como unha presentación de alternativas ás políticas ambientais desde o punto de vista ético, todo iso co fin de establece-las bases dunha nova ética ambiental baseada na comprensión do medio natural. Seguidamente D. Tomás Fernández-Couto, director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Xunta de Galicia, sinalou o feito de que o medio ambiente debería estar presente en todos e cada un dos actos cotiáns dos cidadáns<sup>2</sup>, e sinalou, ademais, que despois do cume de Río o concepto de «desenvolvemento sostible»<sup>3</sup> sentou as bases dunha nova orientación na relación home-medio, que debería plasmarse nun código de comportamento de obrigado cumprimento, o que axudaría a facer máis relevante o debate da ética ambiental e a lograr unha maior conciencia das administracións públicas e dos cidadáns nas súas actuacións.

O primeiro relatorio estivo a cargo de D. Luis Carlos Fernández-Espinar, profesor titular de dereito administrativo da Universidade Politécnica de Madrid, baixo o título «O home ante a utilización dos recursos naturais e o dereito de propiedade», no mesmo destacou a continuidade que mantivo a EGAP con respecto ó estudio do medio ambiente<sup>4</sup> e a súa problemática. O profesor comezou esbozando o que supón a ética (fundamentación teórica de ámbito político humano e a súa regulación, a través duns principios de validez universal) e a súa relación co

<sup>1</sup> Este é o título da intervención de D. Jordi Peix y Massip na mesa redonda, e que se resume ó final da presente crónica.

<sup>2</sup> Vid., Fundación FOESSA, *La realidad social en España (octubre 1992-junio 1993)*, Ediciones B, Madrid, 1994; no que se pon de manifesto, en relación cunha ética ambiental colectiva que «tres de cada cuatro españoles opinan que el malgasto -no la falta- de recursos disponibles, suficientes para un país desarrollado, es la causa de las crecientes y injustificables desigualdades entre autonomías», (páx. XVII).

<sup>3</sup> O Informe Brutland, Nacións Unidas, 1987, en relación coa adopción dun «desenvolvemento sostible», é aludido en diversos foros académicos e profesionais, para o caso do turismo e en relación coa conservación do contorno; vid., Verdés, H., «Turismo rural, feiras e mercados», nas «Xornadas de estudio para cargos electos das entidades locais», EGAP, 1995.

<sup>4</sup> Vid., «Xornadas legislativas de política forestal», EGAP, Santiago de Compostela, 14 e 15 de maio de 1996.

<sup>5</sup> A pregunta sería, qué relación ten a ética co medio ambiente, e a resposta, en xeral, podería ser que «En principio, cabe recordar que estas éticas nacen ante una situación en que corre peligro el crédito de una profesión o de una actividad social, precisamente por el abuso de malas prácticas que en ellas se cometen», páx. 29, vid., Cortina, A., «Ética de la sociedad civil. ¿Un antidoto contra la corrupción?», *Claves de la Razón Práctica*, n.º 45, Madrid, 1994, páxs. 24-31.

<sup>6</sup> Polo que se refire á consideración da ética como unha ciencia práctica temos que «... las éticas aplicadas intentan restituir a las diversas actividades de la naturaleza que le es propia, recuperando con ello la legitimidad social», *Ibidem*, CORTINA, A., 1994, páx. 31.

<sup>7</sup> Para centrar un concepto tan variable e heteroxéneo como a calidade de vida, que considera tres dimensións na súa análise: técnica, estética e ética, *vid.*, COLAVIDAS, F., «Calidad de vida», *Claves de la Razón Práctica*, n.º 15, setembro 1990, páxs. 31-36.

<sup>8</sup> Este é un efecto tradicional coñecido por externalidades; *vid.*, STIGLITZ, J., «El papel del sector público», *La economía del sector público*, Madrid, páx. 108. «Los casos en que los actos de una persona imponen costes a otras se denominan externalidades negativas. Sin embargo, no todas las externalidades son negativas. Hay algunos casos importantes de externalidades positivas, en los que los actos de unas personas benefician a otras... Una persona que rehabilite una vivienda situada en un barrio antiguo puede generar una externalidad positiva a su vecino».

<sup>9</sup> *Vid.*, *ABC Nuevo Trabajo*, 24-XI-1996, páxs. 8-10, nas que se explica o rendible que pode chegar a ser considera-lo medio ambiente como un negocio, xa que «La legislación y la imagen de marca obligan a las empresas a ser «ecológicas». Las grandes auditoras ven en la asesoría ambiental un mercado potencial de entre 25.000 y 70.000 millones de pesetas», (páx. 8).

medio ambiente, xa que nos encontramos ante un problema moi complexo e interdisciplinar. As dimensións desde as cales habería que analiza-lo problema da ética medioambiental son dúas, en opinión do relator: a primeira é antropocentrismo *versus* biocentrismo; e a segunda dimensión é unha reformulación e superación da primeira xa que achega unha nova ética, a base da cal sería a relación e a comunicación do home coa natureza como un suxeito máis, en harmonía e non dominio co medio. Para Fernández-Espinar a ética ambiental<sup>5</sup> sería unha ciencia práctica<sup>6</sup> xa que estudia os actos humanos, e debe estar profundamente arraigada nas persoas, nas súas actuacións e actitudes, nunha achega de calidade de vida<sup>7</sup>.

Respecto das políticas ambientais o autor sinala que é necesario pensar no medio ambiente en termos económicos para así solucionar-los seus problemas, xa que é da opinión de que se un recurso natural non dispón dun prezo se infravalorará e en consecuencia acabará sobre explotándose. A pregunta que se formula o relator é ¿por que non se fixan prezos para os recursos naturais?, segundo el, a razón está en que se considera un ben público (de todos, de ninguén), polo que en caso de mala xestión dos recursos non se asignarían as correspondentes responsabilidades.

O profesor Fernández-Espinar aludiu a dous conceptos claves en relación co tema que nos ocupa: *a valoración dos recursos naturais e dos dereitos de propiedade*. Respecto do primeiro punto, *a valoración dos recursos naturais*, subliñouse a importancia de establecer indicadores de medida e de valor dos recursos naturais e da súa xestión, e cítanse para iso unha serie de elementos:

■ Qué lles dá valor ós recursos naturais -tanto a súa relación co ser humano como por si mesmos, os recursos naturais fornécense de valor.

■ Quén o expresa -xa que os usos dos recursos naturais e os seus efectos se producen nun punto pero afectan ós lindantes<sup>8</sup> (países, rexións, municipios, etc.); polo que habería que establecer fórmulas de compensación económica.

■ Cómo se expresa -ou dito doutro xeito, cómo actuaría o individuo en presenza dun mercado hipotético, o que nos levaría ó concepto de benestar colectivo como unha suma de benestar dos individuos, os resultados serían o pensar nas xeracións futuras para o que se podería establecer unha «*taxa de desconto*».

Por outro lado o autor sinala que non existe incompatibilidade entre ecoloxía e mercado<sup>9</sup>, xa que se dan as dúas caras na xestión do medio ambiente: custos e prexudicados e beneficios

e beneficiados; a solución estaría na creación dun «stock de capital natural constante» que permitise a contabilización desta relación ecoloxía-mercado e a articulación dunha serie de «*proyectos sombra*» que servisen para corrixi-las accións público-privadas que dexeneran o medio ambiente e os recursos naturais.

O outro punto da conferencia foi o *dereito da propiedade*, que sinala o autor como a clave de calquera política ambiental. Este dereito da propiedade está baseado no dereito natural e plenamente xustificado porque lle outorga á persoa os principios materiais para desenvolverse en sociedade; así, non é un dereito absoluto porque está vinculado a unha función social. Para Fernández-Espinar a función social da propiedade (propiedade privada) é diferente do interese xeral (propiedade pública), e para a súa xustificación cita os artigos 33.1.2.3 da Constitución española nos que se determina o dereito á propiedade privada e á herdanza, a delimitación dos seus contidos ante as leis, e a prohibición de privación de bens e de dereitos, a non ser por utilidade pública ou por interese social. Para analiza-los dereitos de propiedade e a súa relación cos recursos naturais o autor estableceu dous enfoques: respecto da propiedade privada sobre a escaseza dos recursos naturais; e a tendencia ó establecemento de cotas sobre os bens ambientais de dominio público. Estes dous enfoques consideran, (á vista do dato de que o 66% dos montes son de propiedade privada), a tensión de facer públicos os recursos naturais privados ou a compensar pola súa posesión; e ademais o preguntarse se é ético que a propiedade dos montes non deba segui-las mesmas regras de valoración ca un inmovible rústico. O anterior é de suma importancia porque, segundo o autor, con esta actitude favoreceuse o abandono dos montes e o incremento subseguinte dos incendios forestais. As actitudes anteriores en materia de xestión de espazos naturais (política de declaración dos espazos naturais e os seus «plans rectores de uso e de xestión») provocaron o malestar dos propietarios xa que estes consideraron que a zona declarada protexida restrinxía a súa capacidade de actuación sobre a súa propiedade, o que, na opinión do relator, puido provocar incendios intencionados para así evita-lo nomeamento de espazo natural protexido.

Como conclusión, o profesor Fernández-Espinar sinalou a necesidade de cambia-la orientación da xestión dos plans de protección ó evita-la protección sen cálculos previos dos impactos nos veciños e na poboación afectada polas ditas medidas. Para iso, e como unha importante mellora do medioambiente, habería que actuar sobre os criterios de valoración dos espazos naturais tendo en conta basicamente os dereitos de propiedade.

A segunda conferencia foi pronunciada por D. Carlos del Álamo Jiménez, director xeral de Conservación da Natureza do Ministerio de Medio Ambiente, co título «Ética do medio natural e conservación da natureza», nela destacou que «conservar a natureza non é senón manter unha actitude ética do home cara ó seu contorno». Isto é cada vez máis así xa que para o autor a calidade de vida individual e social depende moi directamente das condicións do contorno e este sufriu unha lenta pero progresiva degradación desde que o home poboou a Terra.

Carlos del Álamo formula unha serie de interrogantes para situa-la relación ética e a conservación da natureza:

- ¿Como demostramos que un ecosistema estable é preferible desde o punto de vista ético?
- ¿Que é hoxe a conservación da biodiversidade?

Ámbalas cuestións cobraron especial relevancia desde a Conferencia de Río de Xaneiro de 1992, co fin de asumir un compromiso formal dos gobernos en mellora-la relación economía-medio ambiente. Para iso o autor advirte do compromiso que se adoptou en materia de montes, tanto públicos como privados, desde os distintos gobernos occidentais, xa que habería que establecer unha diferenza entre os bosques tropicais e os continentais (estes últimos protexidos pola Lei de montes de 1957, art. 29). Carlos del Álamo sinala que «O *quid* da cuestión reside, non na corta de árbores, que como tódolos seres vivos, antes ou despois desaparecerán, senón en garanti-la rexeneración e a reprodución das especies e dos bosques, no que hoxe denominamos *aproveitamento sostible dos recursos naturais*».

A dimensión ética da relación home-natureza abórdaa o relator ó citar a Curry-Lindhal (1972)<sup>10</sup>, Meadows (1973)<sup>11</sup>, Carson (1963)<sup>12</sup> e Schumacher (1990)<sup>13</sup>, segundo as distintas aproximacións ó binomio recursos naturais-ética; así o autor alude a Dewey (citado por La Torre, 1993<sup>14</sup>), dicindo que «... apunta a refunda-la ética a través dun novo concepto da natureza, non considerada xa como un colector ó modo mecanicista, senón como un contorno no que a ciencia busca certamente medios para a realización do benestar, sen privalo non obstante, por así dicilo, da súa dignidade». O concepto clave que manexa o conferenciante é «*conservación*» da natureza, xa que a época na que se xustificaba o desenvolvemento do home sen asumir ningún custo rematou. A crise ambiental produciu unha volta á constatación da relación home-medio desde unha orientación ética, xa que como sinala o autor: «É inmoral todo o que atrasa o desenvolvemento humano, o progreso racional conduce ó progreso ético, dicían os filósofos da Ilustración. É posible, máis

<sup>10</sup> Vid., CURRY-LINDHAL, K., *Conservation for Survival. An Ecology Strategy*, 1972.

<sup>11</sup> Vid., MEADOWS, D.L., *Toward Global Equilibrium*, Wright-Allen. Cambridge, 1973.

<sup>12</sup> Vid., CARSON, R., *Silent Spring*, Houghton Hifflin Company, Boston, 1962.

<sup>13</sup> Vid., SCHUMACHER, E.F., *Lo pequeno es hermoso*, Ed. Blume, 1990.

<sup>14</sup> Vid., LA TORRE, M.A., *Ecología y Moral*, De. Desclée de Brouwer, S.A., 1993.

antes de admitilo habería que poñerse de acordo en qué é o desenvolvemento humano e preguntarse tamén se a ética non terá algo que dicir sobre o natural e o racional. E se ética é deber, o noso, o da humanidade é pensar. Pensar para comprende-las relacións causa-efecto da degradación ambiental».

Como conclusión, para o autor as implicacións éticas en relación co medio ambiente inducen a pensar na necesidade do cambio, que sinalaría como «paradigma ético da intelixencia», como unha volta humanista ó ideal grego de busca da intelixencia e da sabedoría. A palabra «conservación», «un proceso dinámico que posibilita aproveita-las cousas ou os recursos sempre que non se degraden ou desaparezan», adquire unha nova relevancia como clave do progreso humano.

O terceiro relatorio da mañá estivo a cargo de D. Ramón Llamas Madurga, catedrático de hidroloxía da Universidade Complutense de Madrid, que versou sobre as «Actitudes éticas ante a utilización das augas»; sobre o que se cuestiona un interrogante principal «¿cara a onde vai a planificación e a xestión da auga en España?». Para o profesor Llamas a crise mundial da auga na actualidade, e a súa referencia ó caso español, non deixa de ser unha cuestión anecdótica no que se refire á súa atención nos medios de comunicación, por tres tipos de causas: éticas, estéticas e tecnolóxicas.

Polo que se refire ás *causas éticas ou a aspectos socio-económicos*, o relator sinala que as decisións sobre a planificación e a xestión dos recursos hídricos non adoitan basearse exclusivamente en razoamentos tecnolóxicos, como en case tódalas áreas da actividade humana. O relator destaca o feito de que os dous cambios sociais máis importantes nas sociedades avanzadas sexan o maior protagonismo da muller e a denominada «*crise ecolóxica*,» froito esta última dun desenvolvemento incontrolado e de impactos non desexados do home no medio ambiente. O profesor Llamas sinala que «como consecuencia do desenvolvemento tecnolóxico das grandes obras hidráulicas e da actividade contaminante das cidades e industrias, o home pasou de sentirse case indefenso ante as forzas da Natureza, a converterse no seu agresor ou depredador». O enfoque ético constátase pola necesidade de darlles resposta a estas accións, articuladas sobre a base dunha boa *educación e información* (ou cultura da auga, que supón un incremento da información hidrolóxica ó público en xeral<sup>15</sup>), e unha terna de principios, como son: *solidariedade* («Solidariedade no uso da auga significa que este recurso debe ser considerado como unha herdanza común de tódolos españois presentes e futuros»), *subsidiariedade* («A lexislación de au-

<sup>15</sup> Vid., Directiva Europea 90/313, sobre a facilidade de acceso ós datos medioambientais, e a Lei 39/95, que transpuxo a mencionada directiva. Ademais, e para unha aproximación á problemática medioambiental en Galicia, desde o enfoque normativo, vid., DÍAZ OTERO, A. (de.), *Normativa estatal e galega sobre medio ambiente*, EGAP, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1995.

gas en España está teoricamente bastante de acordo co principio de subsidiariedade, que adoita ser denominada descentralización»), e neste caso devolvérle-la súa autonomía orixinaria ás confederacións hidrográficas, e *participación* (onde se constata que «A participación de diferentes actores ou grupos sociais nas tarefas de planificación e de xestión dos recursos hídricos adoita considerarse, polo menos teoricamente, unha clara necesidade na absoluta maioría dos países democráticos»).

O *segundo enfoque é o estético, ou causas estéticas (ecolóxicas)*, no que o profesor Llamas alude ó feito de que «o verde é popular» polo que se presta continuamente a manipulación política e partidista, así sinala que «A auga, repito, é o zume da natureza e ten tamén valor estético, cultural, emocional, ecolóxico, case relixioso, que ningún ordenador pode calcular».

O *último enfoque sobre a crise da auga é o tecnolóxico, ou causas tecnolóxicas da auga*, que é considerado polo relator como a terceira causa en orde de importancia das anteriormente mencionadas, e que centra a súa importancia na problemática das *grandes obras hidráulicas*. Para o profesor Llamas sería necesaria unha rápida paralización destas *grandes obras hidráulicas* co fin de profundar na cultura de aforro da auga e de limitar os excesivos impactos ambientais do home nas ditas construcións. A esta política de grandes obras o autor contrapón unha serie de accións baseadas en presupostos tecnoloxicamente factibles, entre as que se inclúen: o aproveitamento das augas subterráneas, a mitigación da contaminación da auga por actividades urbanas, os métodos para reduci-la dilapidación da auga, as plantas desalgadoras de auga salgada ou mariña, e a loita contra as inundacións.

Como conclusións, o relator alertou da posibilidade de que se pode volver producir unha seca como a que se viviu en España de 1990 a 1995, que foi a que descubriu unha serie de fallos na xestión da auga nacional, polo que se reclama a necesidade dun estudio permanente e actualizado sobre os temas da auga, que incida no anteriormente citado: reducir ó máximo, nun prazo breve, as obras de interese xeral e facilita-lo acceso á información sobre as actuacións da Administración hidráulica.

A sesión da tarde estivo ocupada por dúas conferencias e por unha mesa de debate, a primeira delas estivo a cargo de D. José Antonio Rueda Crespo, subdirector xeral de Xestión e Calidade Medioambiental da Xunta de Galicia, co título «Actitudes éticas ante a problemática dos residuos en Galicia»<sup>16</sup>, na que se puxeron de manifesto as principais preocupacións relacionadas co medio ambiente e coa preocupación que sente a sociedade galega ante estes problemas<sup>17</sup>.

<sup>16</sup> Para unha análise normativa da problemática dos residuos sólidos urbanos, *vid.*, ALENZA GARCÍA, J.F., *Concurrencia competencial sobre residuos sólidos urbanos*, EGAP, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1995.

<sup>17</sup> Os datos do relatorio son extraídos dunha enquisa realizada entre os distintos sectores e grupos sociais galegos (profesores, grupos ecoloxistas, asociacións de veciños, concellos e xornalistas) pola Subdirección Xeral de Xestión e Calidade Medioambiental da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia.

O relator sinalou entre as preocupacións da poboación galega<sup>18</sup>: a contaminación atmosférica, a contaminación das augas, os vertidos industriais, e os residuos sólidos urbanos; exercendo todas estas preocupacións unha grande presión sobre os políticos e as súas decisións medioambientais.

Por outro lado, o Sr. Rueda alude ás valoracións que estes cidadáns lles dan ás actuacións dos poderes públicos en materia de medio ambiente, partindo dunha base previa, xa comentada polo relator anterior, profesor Llamas, «tódolos colectivos coinciden en afirmar que a educación medioambiental dos galegos é escasa e que iso en parte se debe á insuficiente información sobre os comportamentos a seguir». En definitiva: falta de información e de educación medioambiental.

Entre as distintas valoracións, representadas por distintos grupos e asociacións ós que se lles preguntou, predomina unha valoración negativa das políticas medioambientais da Administración (concellos, profesores universitarios e grupos ecologistas e asociacións cidadáns), sobre as positivas (xornalistas e asociacións veciñais). Na *parte negativa* os consultados falan de que: a Administración pérdese en legalismos e en trámites e só se preocupa por eses temas cando se producen presións políticas e cuestións de imaxe; o modelo de desenvolvemento é inaxeitado; e dáse a falta dun programa global para solucionar o problema dos residuos. Nos *aspectos positivos* destacan: unha conciencia positiva e aberta, e un crecente compromiso, aínda que sexa inducido pola oposición; e o saneamento dos ríos e dos litorais, ademais das actuacións en materia de incendios e de contaminación.

O Sr. Rueda, co obxecto de seguir cos resultados da enquisa, comenta os esforzos e os custos dun desenvolvemento ecolóxico e ambientalista, e cómo estes terían que ser asumidos pola totalidade da sociedade. Así no caso da industria, conséntase o feito de que a redución de custos ambientais é moi elevada, aínda que se coincide en sinalar que o prezo que habería que pagar se non se leva a cabo sería maior. Os cidadáns pensan que o esforzo repercutiría nas súas economías, pero séguese apostando pola información como medio de cambio de hábitos. A disposición a asumir custos é case unánime, varían unicamente as opcións de actuación para a resolución do problema: destinar para iso unha parte dos orzamentos, e incluír un apartado específico na declaración da renda.

O relator cita o caso concreto do lixo e dos vertedoiros e as responsabilidades que en torno ó problema se reúnen<sup>19</sup>. Así, e entre as alternativas actuais ó problema: vertedoiros *versus* reci-

<sup>18</sup> *Op. cit.* Informe FOESSA, «Ecología y medio ambiente», cap. 3, 1994, páxs. 125-204; onde se pon de manifesto a relevancia do «valor ecoloxía ou medioambiente» na sociedade galega, xa que de 1.200 entrevistas, as comunidades autónomas de Cataluña, Andalucía e Galicia foron as máis frecuentemente citadas como máis respectuosas co medio ambiente, (páx. 167).

<sup>19</sup> Tema tan de actualidade polo recente suceso do vertedoiro de Bens na Coruña (setembro 1996).



claxe; a responsabilidade vese como unha cuestión de tódolos colectivos implicados, que se diferencian unicamente no grao da dita responsabilidade: a Administración máis ca ningún outro ente polo seu papel central; os cidadáns como produtores de lixo («falta de cultura cívica»), etc. Os distintos colectivos sinalan como posibles solucións:

Colectivos	Propostas e alternativas
Asociacións cidadáns	1. Recollida selectiva por parte da poboación. 2. Implantación de reciclaxe xeneralizada e selectiva, e aproveitamento dos residuos para producir enerxía.
Intelectuais	3. Recollida selectiva, reciclaxe e plantas de tratamento e compostaxe. 4. Incineración. 5. Mellora técnica da incineración.
Xornalistas	6. Recicla-lo aproveitable. 7. Combina-las alternativas de reciclaxe coa incineración. 8. Construcción de empacadoras e incineradoras que garantan un proceso impecable de tratamento. 9. Crear órganos comarcais de xestión de lixo que reciclen, obteñan subproductos e liberen enerxías.
Asociacións ecoloxistas	10. Reciclar de xeito que se peche o ciclo productivo e se aproveite o lixo como materia prima. 11. Uso das incineradoras como mal menor.
Responsables de concellos	12. Reciclaxe, ademais dunha maior incineración dos restos non contaminantes.

As actitudes ante o problema son diferentes e dependen de cal sexa o seu posicionamento ante el: así o Sr. Rueda sinala que, por exemplo, mentres que os ecoloxistas sempre presentan alternativas ás propostas da Administración, os intelectuais e xornalistas manteñen unha posición distante e pseudo-comprometida co problema.

A conclusión principal do relator á vista desta nova realidade social fronte á problemática dos residuos sólidos en Galicia, é que a diversidade de solucións e de formulacións propostas polos distintos colectivos fai que unha adopción inicial da política imposta desde os gobernos sexa precaria (necesidade dun consenso social básico en materia de medio ambiente xa que todos somos responsables), aínda que se recoñece como solución para os residuos sólidos urbanos un peche de vertedoiros, unha recollida selectiva do lixo e un tratamento e reciclaxe adecuados do mesmo.

O último relatorio da «Xornada de estudio sobre ética ambiental» realizouno D.<sup>a</sup> Ana Yabar Sterling, catedrática de eco-

nomía política da Universidade Complutense de Madrid, a cal aludiu á «Ética, fiscalidade e medio ambiente»<sup>20</sup>. O punto de partida da súa intervención foi o feito de que os bens de dominio público, propiedade dunha colectividade de individuos, tenden a ser sobreexplotados polo conxunto da sociedade, o que pode producir que se esgoten completamente, e chegar incluso a deixar de existir a longo prazo.

A relación da ética, da fiscalidade e do medio ambiente, rompe polo lado da ética social xa que os comportamentos individuais non teñen en conta os bens colectivos. Para a relatora as claves están en que: non existen prezos «e non existen prezos porque non hai mercado, ou o que é o mesmo, porque non hai distinción entre oferentes e demandantes dos servicios que proporciona o recurso que se utiliza», e que ademais, non existe capacidade de cooperación entre os propietarios da totalidade do recurso. Por outro lado, prodúcese unha serie de conceptualizacións que dificultan a adopción de solucións como son: o *problema do valor*, as *externalidades*, e o *mantemento do stock de capital natural* para as xeracións futuras.

Dúas son as solucións ofrecidas pola profesora Yabar ó problema dos bens comunais: doutrina privatista (exercita-lo dereito de propiedade); ou doutrina intervencionista (intervención pública).

O segundo punto importante da intervención da relatora foi a alusión á ética dos mercados, onde se puxo de manifesto a limitación dos mercados á hora de conseguilo benestar colectivo, e o necesario equilibrio entre os primeiros e a intervención (como cuestión de grao) do Estado ou do sector público. A perspectiva ética entronca con esta visión do interese colectivo, cuestión que se ve reforzada pola aproximación da perspectiva económica ó estudio do medio ambiente.

Para aborda-lo problema da relación economía e medio ambiente a profesora Yabar considerou necesario aborda-los distintos conceptos e medidas do valor, en especial referencia ós bens e recursos ambientais. Isto é se cabe máis acuciante, ante o conxunto de escaseza, sobre todo nalgúns bens ou recursos ambientais, polo que a relatora sinala que «a dicotomía valor/prezo se amosa na actualidade como un problema con solución deficiente por parte da ciencia económica porque o crecemento e o desenvolvemento acelerados requiriron un uso tan intenso dos recursos e deterioraron, a tal ritmo, o medio ambiente que os científicos que estudian a natureza e os ecosistemas deron a voz de alarma, concienciando os economistas sobre un asunto considerado eminentemente teórico e que, tal vez, se non se produ-

<sup>20</sup> Recentemente na *Revista Galega de Administración Pública* exponse con grande amplitude unha panorámica das relacións entre fiscalidade e medio ambiente a teor da Lei 12/1995, do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica: «Protección fiscal do medio ambiente», *REGAP*, n.º 12, páxs. 149-214.

cisen estes feitos, nunca máis mostraría a debilidade das súas solucións nin requiriría de novo atención ningunha».

Outro dos puntos relevantes na relación ética e fiscalidade son as externalidades e os sistemas para a corrección dos seus efectos<sup>21</sup>, onde se puxo de manifesto a deficiencia dos mercados e a gravidade dos efectos das externalidades (tanto negativas como positivas), como efecto da interdependencia entre as funcións de utilidade e de produción dos axentes económicos que operan nun espazo común, e que o mercado non é capaz de captar. Con relación ó medio ambiente, a política económica<sup>22</sup> establece unha definición alternativa de externalidade, que se reflicte en dúas condicións:

«1ª condición - Existe unha externalidade sempre que as relacións de utilidade ou de produción dalgún individuo (por exemplo, A) inclúan variables reais (é dicir, non monetarias) os valores das cales escolleron outros (persoas, sociedades mercantís, gobernos) sen atención particular para ós efectos sobre o benestar de A. 2ª condición - Que o axente decisor, a actividade do cal afecta ós niveis de utilidade doutros, ou entra nas súas funcións de produción, non recibe (paga) en compensación pola súa actividade, unha cantidade igual en valor ós beneficios ou custos (marxinais) ocasionados».

O último punto ó que fixo referencia a relatora foi a relación fiscalidade e medio ambiente, que na actualidade está baseada no principio «Quen Contamina, Paga», pero atenuado, na opinión da profesora Yabar, polo exceso de protección do Estado sobre os «contaminadores», xa que pensa que a sociedade lle atribuíu ó Estado competencias «indebidas ou excesivas», «ou mandatos equivocados sobre qué facer para protexela colectividade do abuso dos recursos naturais e dos bens ambientais». O sector público estableceu unha serie de instrumentos para conseguí-los fins de protección e de prevención de danos ambientais: instrumentos administrativos ou regulatorios, e instrumentos económicos («baixo o concepto de instrumentos económicos intégranse aqueles mecanismos introducidos no funcionamento da economía polo sector público ou polo sector privado que, co obxectivo de mellora-lo medio ambiente, proporcionan incentivos monetarios para a toma de decisións voluntarias (non coercitivas) nos contaminadores», que consideran, ademais, unha serie de instrumentos tributarios ou de «fiscalidade ambiental»).

A conclusión da autora é que é necesario un esforzo compartido por ciencia e tecnoloxía en favor do desenvolvemento económico sostible, xa que «é a única solución eticamente xusta e economicamente eficaz, por que garante a solución dos pro-

<sup>21</sup> A «teoría de los fallos del mercado», *op. cit.* Stiglitz, sinala unha serie de accións para corrixir-las externalidades, principalmente as negativas, a través da regulación da actividade en cuestión e coa utilización dun sistema de prezos que impón sancións (multas): «Así, por exemplo, los gobiernos, en lugar de regular el nivel de emisiones de los automóviles, pueden cobrar una tasa proporcional a la cuantía en que las emisiones superen un determinado nivel. Si cobran por el uso de las carreteras, al menos en las horas punta, conciencian a los usuarios de los costes de congestión que imponen a los demás», (páx. 109).

<sup>22</sup> *Vid.*, BAUMOL, W., e Oates, W., *La teoría de la política económica del medio ambiente*, traducción ó español da edición de 1975, *The Theory of Environmental Policy*, 1975, editada por Antoni Bosch, Barcelona, 1982.

blemas ambientais actuais e o legado ás xeracións futuras dun stock de recursos naturais «suficiente» para o seu desenvolvemento, á vez que asegura o equilibrio dos ecosistemas do planeta».

A mesa de debate serviu para clausura-la xornada, e participaron nela D. Tomás Fernández-Couto, director xeral de Montes e Medio ambiente Natural da Xunta de Galicia, D. Jordi Peix y Massip, director xeral do Medio Natural da Generalitat de Cataluña, D. Luis Carlos Fernández-Espinar, director da xornada, e D. Pedro Llorente, que disertaron sobre os aspectos da consecución *dunha ética ambiental persoal integrada na ética ambiental colectiva*. Na mesa de debate analizouse a relación da ética persoal (que determina a rectitude e o sentido do comportamento humano) e a ética colectiva ou de varios grupos de individuos, xa que «non existe unha natureza singular, existen tantas naturezas, de ideas de natureza, como grupos distribuídos no globo terrestre», o que nos leva ó plano do relativismo ético. Na mesa puxéronse de manifesto a necesidade de plasmación práctica dos textos éticos legais e a súa traducción a esquemas de xestión. Así os principios solidarios de obrigatorio cumprimento de carácter internacional e ó que se adheriu o Estado Español (Unión Internacional para a Conservación da Natureza -UICN, 1948-; Programa «O home e a biosfera» -MAB, 1963-; Programa de Nacións Unidas para o Medio Ambiente -PNUMA, 1972-; Convenio Internacional para a protección das Especies de Fauna e Flora -CITES, 1973-; Libro branco da xestión da natureza -Naturaleza Ús y Abús, Cataluña, 1979-; Convenio de Berna para a protección da vida silvestre e do medio natural en Europa -1979-; Estratexia mundial para a conservación -UICN, PNUMA, WWF, FAO, 1980-; Conferencia das Nacións Unidas sobre o medio ambiente e o desenvolvemento, Río de Xaneiro, 1992: Convenio Marco das Nacións Unidas sobre o cambio climático, convenio sobre a diversidade biolóxica, e declaración de principios para a ordenación sostible dos bosques). A ética ecolóxica non está aínda consolidada, e fóra de toda consideración política que identifica o «verde» coas esquadras militantes, é necesaria a adopción dunha nova visión do crecemento. Para os participantes na mesa unha proposta integradora de toda a sociedade nun proxecto común, podería segui-lo exemplo que o Sr. Peix y Masip enunciou e que responde a «integra-lo elemento distorsionador dentro das actividades normais da sociedade, para o cal se definen uns comportamentos permanentes consolidados e integrados no desenvolvemento standard». 